



Lírica

E Arxentina, polo que máis queiras, non chores por min máis

Clara Vidal

I

Neste outubro setentrional,
recordo aínda o cálido decembro
no que me estoupaches a boca na boca.

Morreron e renaceron todas as flores do planeta
(varias veces)
e eu aínda vivo nese momento.

Non entendo que ti
xa naceras a alguén
e eu siga a ser a que ti re-naciches aquel día.

Non evolúo.
Son a mesma pedra de entón.

Só sei bicar se te amo.

E penso na túa afrodisíaca boca
de café ou de mate
abrindo as pétalas húmidas
e colléndome o po
de tanto tempo contido.

E aínda é mágoa
escoitarme dicirche
«para».

Alí, no chan lixado.

E a túa voz:
«quedate», non «quédate».
Mais non houbo *guita*,
non houbo un *peso*,
pola miña estancia nesa nube que aínda
que aínda levas na cara.

II

Lémbrome de perderte.

Da inxente *pileta* inmensa.

Máis grande sen ti.

Recordo o sobresalto.

O corazón na gorxa.

A man no peito.

A xente a procurar os seus reloxos...

De xeonllos eu.

Lonxe,

Ariel viña contigo.

E relucías tanto

coma os meus ollos

cando o miraban.

Isto conservo dese día.

A ti

e unha advertencia da Prata:

si que é mellor que o ouro.

Contigo fico atada

ao Río IV.

III

Tres anos despois,

volve a taquicardia.

Camiño de casa,

no vello instituto,

desaparécesme.

Parálise facial.

Esta vez,

unha aperta mantenme en pé.

Pero uns ollos coma pratos

crávanseme no infinito.

Lacrimal que non aguanta máis

a desprenderse.

Ao fondo,

árbores borrosas.

Apareces,
 aos dous días,
 no meu pulso de boneca

onde,
 xa para sempre,
 ficas amarrada a min.

IV

Desde aquel decembro de sol,
 chegamos a marzo.

Déitasma tanxente á cidade
 e derrubas o horizonte
 que me fai sombra.

Píntasma perfecta
 co teu pincel de cuspe.

Póusasma o mar na boca
 coas húmidas papilas do mate doce.

Bébeda aínda en ti,
 desfecho as pálpebras para te ollar,

mais só fica un vento en min,
 deshabitado.

V

Pégame o ruído das ondas do mar.

Teño unha mochila de rescate
 agardando
 no paseo de amor do areal eterno
 que alumea a lúa e leva
 directo
 á túa bici apresurada.

A praia de sílice
 viste
 aínda as promesas que ninguén pisou.

Dispóñome a marchar sen rochas
 e espero que non sen ti.

VI

*Y la fingida,
vaga frase amorosa, ya es creída*
Alfonsina Storni.

Na aposta,
des-existíchesme.

Demolición eu.
Soterramento de min.

Fixen de ti
un golpe de po
que estoupa en gargalladas.

Mentres,
eu era só a voaxa.

Aquí,

comeza o remate.
O valor da palabra
xa non ten prezo.

Sométome a ti.
Sexa ou non verdade.

Dáme a fórmula máxica.
 Crereina.

Ti es todo
o que podos perder.

VII

Acepto
a renuncia completa á miña vida.

Esme ti
tan velenoso
como as abellas na pel.
Mais deixas sempre o rastro
da túa doce mel
nos poros.

E aínda que me desfixen
por orixinar a estatua que queres
e estar en pé
como unha realidade dos teus soños,

quero
 que o antídoto sexa —coma co alcohol—
 máis do mesmo.
 E así, que abondes sempre.

VIII

Arrastro comigo
 a carga da memoria.
 Pésame pensarte
 e aínda así te penso.

Fuches
 a ensinanza preparatoria.
 A propedéutica de odiar
 que me obrigou a amarte
 ata o vómito.

Non era metáfora
 cando dicía
 que me dabas a vida.
 Pretendía dicir
 —exactamente—
 que ma dabas.

IX

Amor,
 tesme na cúspide do precipicio.

Aborrecendo unha falta máis
 do adverbio periférico
 que te elude a grandeza toda
 e fai
 que nos empurres dentro do buxán
 que só cebamos.

X

Tiñamos
 unha eternidade planificada.
 Se cadra,
 o problema foi ocupar o tempo

en pensar.